

rias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

2. En particular, constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

2.1. A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario.

2.2. A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.

3. As actividades abranguidas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo definido no artigo 1.1º destes estatutos.

#### Artigo 5º.-*Capital social.*

O capital social fíxase na cantidade de dous millóns cento tres mil cincocentos corenta e dous euros, dividido en trescentas cincuenta accións de seis mil dez euros con dez céntimos, de valor nominal cada unha, totalmente subscritas e desembolsadas.

O capital será integramente subscrito pola Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 16º.-*Funcións do Consello de Administración.*

1. Con estrita suxeición á normativa vixente, corresponderanlle ao Consello de Administración as seguintes funcións: (.....)

k) Actuar como órgano de contratación nos contratos, convenios ou concertos cuxa conclusión fose precisa para o desenvolvemento das actividades comprendidas no obxecto social.

#### Artigo 20º.-*Funcións do director xerente.*

Son funcións do director xerente: (...)

l) A formalización dos contratos, convenios ou concertos, precisos para o desenvolvemento das actividades comprendidas no obxecto social, unha vez adxudicadas polo órgano de contratación.

#### *Disposición adicional*

Os recursos económicos da sociedade pública estarán constituídos por:

a) As asignacións orzamentarias da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos e outros entes dependentes.

b) As subvencións, as achegas voluntarias ou as doazóns que lle conceda calquera persoa pública ou privada.

c) O rendemento do seu patrimonio.

d) Os ingresos obtidos por operacións de crédito, que en todo caso se axustarán ao réxime xeral de autorización e de información sobre o endebedamento público regulado na normativa orzamentaria da comunidade.

e) As remuneracións derivadas da prestación de servizos ou pola realización de actuacións que lle sexan encomendadas, de conformidade co seu obxecto social pola Administración galega, os seus organismos autónomos ou entes dependentes, ou, de ser o caso, calquera outra Administración pública.

f) Por calquera outro que lle corresponda de conformidade coas leis».

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

*Resolución do 12 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade á lista oficial dos organismos de control autorizados para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 9 do Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia, pola presente resolución ordénase dar publicidade á lista oficial dos organismos de control autorizados para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia, indicando os campos de actuación de cada un deles e o enderezo, teléfono e fax das súas oficinas na comunidade autónoma. Esta información relaciónase nos anexos I e II.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2008.

Anxo Ramón Calvo Silvosa  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

## ANEXO I

## Lista dos organismos de control autorizados para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia cos seus campos de actuación

Organismo de control	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21
<i>Applus Norcontrol, S.L.U.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X						
<i>Atisae, Asistencia Técnica Industrial, S.A.E.</i>	X	X	X	X	X		X	X				X	X	X							
<i>Axoca, S.L.</i>		X																			
<i>Bureau Veritas Español, S.A.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X									
<i>Control Industrial, Métodos y Ensayos, S.L.</i>		X																			
<i>Cualicontrol-ACI, S.A.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X								
<i>ECA, entidad colaboradora de la Administración S.A.U.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X					X
<i>Enmacosa, S.A.</i>		X						X	X	X						X					
<i>Eurocontrol, S.A.</i>	X	X	X	X	X		X	X				X			X						
<i>Ingein, Ingeniería de Gestión Industrial, S.L.</i>	X	X	X	X	X		X	X	X	X		X									
<i>SCI, Servicios de Control e Inspección, S.A.</i>	X	X	X		X		X	X	X	X		X									
<i>SGS Inspecciones Reglamentarias, S.A.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X								
<i>Socotec Iberia, S.A.</i>	X	X	X	X	X	X	X	X		X		X									
<i>TÜV Internacional Grupo TÜV Rheinland, S.L.</i>	X	X			X			X													

## CAMPOS DE ACTUACIÓN:

1. Instalacións e aparellos de presión (AP)
2. Instalacións eléctricas (RE)
3. Instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ)
4. Vehículos e contedores destinados ao transporte de mercadorías perigosas e perecedoiras (VC)
5. Instalacións e aparellos para combustibles gasosos (GC)
6. Instalacións frigoríficas (IF)
7. Construción de maquinaria con risco (SM)
8. Elementos e instalacións de aparellos de elevación e manutención (AE)
9. Instalacións térmicas dos edificios (ITE)

10. Instalacións contra incendios (ICI)
11. Minaría (MI)
12. Instalacións petrolíferas (IP)
13. Accidentes graves (AG)
14. Estructuras metálicas (EM)
15. Cables de aceiro (CA)
16. Instalacións interiores de subministro de auga (NIA)
17. Máquinas recreativas (MR)
18. Atmosferas explosivas (AE)
19. Equipamentos de detección e medida de CO (ECO)
20. Pararraios (PRR)
21. Formigón preparado (FP)

## ANEXO II

## Enderezo, teléfono e fax das oficinas dos organismos de control autorizados para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia

1. *Applus Norcontrol, S.L.U.*

Estrada N-VI, km 582, 15168 Sada (A Coruña)

Tlf.: 981 01 45 00 / 981 01 48 01

Fax: 981 01 45 50 / 981 01 48 02

Avenida Marqués de Ombreiro 69 baixo, 27004 Lugo

Tlf.: 982 20 08 28, fax: 982 21 59 04

A Batundeira 2, edificio Unión Fenosa, 32960 Velle (Ourense)

Tlf.: 988 60 00 20, fax: 988 60 00 30

Travesía de Vigo 204, 36207 Vigo (Pontevedra)

Tlf.: 986 11 01 50, fax: 986 11 01 70

2. *Atisae, Asistencia Técnica Industrial, S.A.E.*

Polígono industrial Pocomaco, 5ª avenida, parcela D-12, 15190 A Coruña

Tlf.: 981 28 95 33, fax: 981 28 96 19

Dinan 17-19, entresollado B, 27002 Lugo

Tlf.: 982 24 41 56, fax: 982 23 11 75.

Rúa do Paseo 7, 1º esq., 32003 Ourense

Tlf.: 988 37 30 10, fax: 988 37 30 11.

Areal 18, 1º, oficina 8 bis, 36201 Vigo (Pontevedra)

Tlf.: 986 22 46 19, fax: 986 43 40 88.

3. *Axoca, S.L.*

Políg. ind. Río do Pozo, parcela 1, local 8, 15573 Narón (A Coruña)

Tlf.: 981 38 90 96, fax: 981 38 30 25

4. *Bureau Veritas Español, S.A.*

Avenida Fisterra 265 D, 1º, 15008 A Coruña

Tlf.: 981 16 21 60, fax: 981 26 95 92

Rúa Nova nº 39, 1º A, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlf.: 981 55 41 11, fax: 981 55 42 19

Rúa do Paseo 23, 1º, 32003 Ourense

Tlf./Fax : 988 21 69 59

R/ Conde de Torrecedeira nº 67-69 entresollado, 36202 Vigo (Pontevedra)

Tlf.: 986 22 11 01, fax: 986 43 51 78

5. *Control Industrial, Métodos y Ensayos, S.L.*

Avenida da Coruña, 490, baixo, taller 3, 27003 Lugo

Tlf.: 982 21 98 39, fax: 982 21 98 38

6. *Cualicontrol-ACI, S.A.*

Álvarez de Sotomayor 2, baixo, 32002 Ourense

Tlf.: 988 22 12 98, fax: 988 23 91 71

R/ Fernando II, 1, baixo, 36003 Pontevedra

Tlf.: 986 84 17 78, fax: 986 84 69 41

7. *ECA, Entidad Colaboradora de la Administración S.A.U.*  
Praza de Agramar 8, 15172 Perillo, Oleiros (A Coruña)

Tlf.: 981 63 95 94, fax: 981 63 98 08

Romil 46, 1º A, 36202 Vigo (Pontevedra)

Tlf.: 986 48 53 48, fax: 986 48 53 49

8. *Enmacosa, S.A.*

A Torre 2 C, 36979 Adina, Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf.: 986 72 44 77, fax: 986 69 00 37

9. *Eurocontrol, S.A.*

R/ Castiñeiras 110 C, polígono industrial do Milla-doiro, 15895 Ames (A Coruña)

Tlf./fax: 981 53 64 88

10. *Ingein, Ingeniería de Gestión Industrial, S.L.*

R/ Rafael Alberti 7, 1º B, 15008 A Coruña

Tlf.: 981 17 32 85, fax: 981 17 32 43

11. *SCI, Servicios de Control e Inspección, S.A.*  
Polígono industrial de Bergondo, parcela R-14,  
15165 Bergondo (A Coruña)  
Tlf./fax: 981 66 60 89

12. *SGS Inspecciones Reglamentarias S.A.*  
Avda. da Hispanidade 67, 36203 Vigo (Pontevedra)  
Tlf.: 986 48 52 09, fax: 986 48 53 32

13. *Socotec Iberia, S.A.*  
R/ Arquímedes 7, oficina F-G, 15008 A Coruña  
Tlf.: 981 14 43 35, fax: 981 27 84 11  
R/ Padre Seixas 40, entresollado, 36209 Vigo (Pontevedra)  
Tlf.: 986 22 23 93, fax: 986 22 09 93

14. *TÜV Internacional Grupo TÜV Rheinland, S.L.*  
Avenida de Esteiro 62, entresollado 1º E2, 15403  
Ferrol (A Coruña)  
Tlf.: 981 35 07 11, 981 35 07 22, fax: 981 30 02 17

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 9 de agosto de 2008 pola que se incrementa a dotación orzamentaria para a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría establecida pola Orde do 31 de xaneiro de 2008.*

Advertidos erros na data da Orde do 9 de agosto de 2008 pola que se incrementa a dotación orzamentaria para a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría establecida pola Orde do 31 de xaneiro de 2008, publicada no DOG nº 178, do 15 de setembro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 17.073, no título da orde, onde di: «Orde do 9 de agosto de 2008...», debe dicir: «Orde do 9 de setembro de 2008...».

-Na mesma páxina, ao final, no lugar e data, antes da sinatura, onde di: «Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2008», debe dicir: «Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2008».

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Resolución do 20 de agosto de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de plantas de transferencia de Galicia.*

Visto o texto do convenio de ámbito autonómico de plantas de transferencia de Galicia (código de convenio nº 8200953), que se subscribiu o 9 de xuño de

2008, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

### ANEXO

Ámbito funcional.

Este convenio colectivo, de ámbito autonómico, será de aplicación a aquelas empresas que presten servizos, en réxime de adxudicatarias, nas plantas de transferencia cuxa titularidade corresponda a Sogama, situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

As especificacións contidas neste convenio aplicaranse a todos os traballadores das mencionadas empresas, calquera que sexa a súa categoría profesional, así como a natureza ou tipo do seu contrato, que presten os seus servizos nas actividades incluídas no ámbito funcional descrito neste artigo, e durante o tempo en que se realicen as mencionadas actividades.

Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o día 1 de xullo de 2008 e estenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2008.

Finalizada a súa vixencia e ata a sinatura dun novo convenio, manterase en vigor todo o seu articulado e contido.

Este convenio quedará denunciado automaticamente no momento de finalización da súa vixencia.

Xornada laboral.

O persoal afectado por este convenio e durante a súa vixencia manterá a actual xornada laboral e réxime de traballo.

Garantía *ad personam*.

As condicións máis beneficiosas para os traballadores con respecto a este convenio, individual ou colectivamente, subsistirán para aquelas que as viñan desfrutando, non sendo compensables nin absorbibles.

Tamén serán respectadas e consideradas, como se parte deste convenio se tratase, as condicións máis beneficiosas para os traballadores, recollidas no convenio colectivo do sector de limpeza pública, viaria,